

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ATENCIÓN DE LESIONADOS EN ACCIDENTE DE TRÁFICO MEDIANTE SERVICIOS DE EMERXENCIAS SANITARIAS PARA OS EXERCICIOS 2024-2027 NO ÁMBITO DA SANIDADE PÚBLICA ENTRE O CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS, A UNION ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS (UNESPA), E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que as partes indicadas formalizaron o 15/02/24 o instrumento convencional arriba referido que será de aplicación a todas as prestacións que se realicen desde o 01/01/24 até o 31/12/27 con posibilidade de prórroga anual.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a prestación de servizos de asistencia sanitaria de emerxencia a lesionados en accidente de tráfico no ámbito da sanidade pública, e as tarifas de prezos aplicables aos mesmos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

As cláusulas e tarifas contidas no convenio asinado aplicaranse a todas as prestacións realizadas aos lesionados por feitos da circulación, ocasionados por vehículos a motor que teñan o seu estacionamento habitual en España, vindo obrigados a subscribir un contrato de seguro de Responsabilidade Civil derivada da Circulación de Vehículos de Motor, de acordo coa lexislación vixente. Serán de aplicación tanto ao seguro obrigatorio, voluntario e complementario aos mesmos.

O convenio asinado inclúe os servizos asistenciais de emerxencia e o traslado asistido interhospitalario de lesionados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

